

PRIMEIRO CURSO.

ENQUISA AO ALUMNADO.

O alumnado respondeu a “enquisa de percepción do desenvolvemento das materias” (Anexo I) os días 6 e 7 de febreiro de 2019. En total, o número de enquisas contestadas foi de 48. Os resultados desta enquisa móstranse ao final do presente informe (no Anexo II).

REUNIÓN COA REPRESENTANTE DO ALUMNADO.

- Día: 21 de febreiro de 2019.

- Asistentes: Manuel Noia Guldrís (coordinador de primeiro curso) e Alba Ortega García (representante do alumnado).

- Puntos da orde do día:

1.- Comentar os resultados das enquisas de percepción do desenvolvemento das materias do primeiro cuadrimestre.

2.- Dúvidas, recomendacións, queixas e suxestións.

Punto 1 da orde do día: a representante sinala que cada un responde o que considera oportuno polo que as posibles contradicións entre o que lle transmitiron a ela e as enquisas son as que son.

Punto 2 da orde do día: a representante sinalou o seguinte temas:

EN XERAL

Quéixanse dos problemas que houbo cos horarios, aínda que tamén se mostran comprensivos pola dificultade de encaixar un novo título nunha facultade con 3 graos, 4 másters ademais do alumnado de farmacia. Tamén informan que, polo de agora, no segundo semestre xa non hai problemas cos horarios. Esta queixa foi transmitida ao Decanato, contestando que para o ano que vén se reestruturará o horario para evitar ditos fallos.

Non hai horarios das titorías normais. Non se dixeron en ningunha das materias.

Que haxa guións de prácticas en todas as materias e que sexan útiles.

Dentro de cada grupo de traballo nos seminarios que non sempre acaben traballando cos mesmos compañeiros.

Hai grupos de 25 alumnos para as aulas de informática e nas aulas de informática non hai 25 ordenadores (teñen 20 e 23).

Pregunta ao Decanato: hai algunha aula de informática que o alumnado poda empregar fóra dos horarios de clase?

Apuntan que se repinten contidos nas materias de física, matemáticas e bioestatística. E, por outra banda, unhas materias din que se teñen que dar contidos noutras e ao final non se dan en ningunha.

MATEMÁTICAS

Dábase por sentado cousas que non se dan en secundaria. Atribúeno ao profesorado que estaba afeito a dar clases en 4º e máster, dando por sentado conceptos non adquiridos xa que aínda están en primeiro.

Ensinar a facer as integrais, non ter que chapalas.

Colgaron na USC Virtual apuntamentos moi desorganizados e que non se entendían e tampouco sabían a que fonte recorrer.

A participación conta moito, polo que debería haber un control axeitado desa participación. Non consideran axeitado que se lles valore polos recordos do profesorado.

Non deu tempo a acabar o temario.

QUÍMICA

Sería necesario mellorar a coordinación entre as clases teóricas e os seminarios.

Que o profesorado faga as actividades co alumnado, xa que mandar facérllelas a eles non lle resulta útil xa que ao final sempre estaban todas mal, polo que é desmoralizante.

O nivel do exame non se axusta ao dado na clase.

Non saben que proceso químico aplicar por ser todo moi ambiguo e confuso.

Non ven cal sería o obxectivo desta materia. Que coñecementos e competencias queren que adquiramos?

Non deu tempo a acabar o temario.

BIOLOXÍA CELULAR

Que se dean menos seminarios (non pode ser, xa informado ao alumnado) ou que os seminarios teñan contidos máis acaídos coa biotecnoloxía (o seminario de CRISPR-Cas encantoulles, que sexan deste estilo).

FÍSICA

Que en matemáticas ou bioestatística tiñan que dar contidos que non se deron (poñen de exemplo a análise de erro) e ao final non se deron en ningunha.

De todos os xeitos, parece necesario coordinar os temarios entre física, matemáticas e bioestatística.

Dependendo do profesorado, as explicacións non resultan útiles para resolver as dúbidas.

Que o profesorado axuste a materia ás horas correspondentes de teoría e de seminarios.

Non deu tempo a acabar o temario.

BIOESTADÍSTICA E DESEÑO EXPERIMENTAL

Dependendo do profesorado, as clases seguían un texto case ditado ou lido polo que resultan pouco didácticas e custaba moito entender as cousas. Suxiren que as clases teñen que ser máis interactivas.

Tampouco deu tempo a acabar o temario.

REUNIÓN COS COORDINADORES DAS MATERIAS.

- Día: 1 de marzo de 2019.

- Asistentes:

Jesús Antonio Álvarez López (Matemáticas).

Marco Eugenio Vázquez Sentís (Química).

María Celina Rodicio Rodicio (Biología Celular).

Enriqueta López Iglesias (Física).

César Andrés Sánchez Sello (Bioestadística e deseño experimental).

Javier Sampedro Jimenez (Coordinador do grao).

Manuel Noia Guldrís (Coordinador de primeiro).

- Orde do día:

1.- Informe xeral sobre a percepción da docencia.

2.- Rolda aberta para coñecer a opinión dos profesores das distintas materias.

Todos os coordinadores coinciden en que si se informou ao alumnado das titorías normais dicíndolles que se puxeran en contacto co profesorado cando tiveran algunha consulta e que estaban totalmente dispoñibles para ditas titorías sempre nos horarios compatibles entre o profesorado e alumnado. Tamén se comprometen a que isto lle quede claro ao alumnado para curso vindeiros.

Así mesmo, todos os coordinadores toman nota da necesidade de que todas as materias teñan uns guións de prácticas útiles.

En canto ás aulas de informática, transmida a queixa ao Decanato, infórmase que para o ano que vén no PDA hai 3 grupos de prácticas, 2 de seminarios e 6 de titorías, polo que xa non haberá problema co número de ordenadores. Tamén se recorda que non se deben facer actividades de ordenador en grupos de seminarios.

Dende o Decanato tamén se contesta que, en principio, o alumnado non pode empregar as aulas de informática fóra dos horarios de clase xa que ten que estar sempre supervisado.

Os coordinadores de FÍSICA, MATEMÁTICAS e BIOESTADÍSTICA expoñen que coordinarán os contidos das súas materias.

Recoméndase axeitar os contidos do temario ao número de horas dispoñibles para poder rematar o temario.

Os coordinadores de QUÍMICA, FÍSICA e MATEMÁTICAS comprométense a reducir contidos para axustalos as horas de clases expositivas.

O coordinador de BIOESTADÍSTICA, de acordo cos bos resultados académicos e a impresión dos estudantes de que non lles supuxo moito esforzo superar a materia, comunica que non é preciso reducir contidos, senón impartilos de maneira máis áxil, con menos detalle nalgún aspecto, para poder completar o programa.

O coordinador de MATEMÁTICAS informa que recorda perfectamente a participación e actitude do alumnado, pero que fará o posible para que aprecien que si se está tendo en conta a súa participación. Tamén informa que usan moito o encerado e que, en xeral, todos os encerados son moi pequenos e, en especial, os das aulas de informática.

A coordinadora de BIOLOXÍA CELULAR informa que xa eran conscientes de que algúns seminarios non foran do agrado do alumnado e que xa tiñan pensado cambialos para facer seminarios con exercicios e seminarios de técnicas de procesado das mostras en bioloxía celular. Tamén expón que para o ano, os seminarios se coloquen no horario de tal xeito que estean coordinados coas clases teóricas.

O coordinador de QUÍMICA informa que non sabe porque hai tantos supensos na súa materia xa que considera que o exame era fácil para aprobar, recoñecendo que era máis difícil para sacar notas altas. Que fora o último exame e que tiveran menos tempo para estudar pode ser un motivo. De todos os xeitos, expón que pretende reducir os contidos e facer a materia máis aplicada para que vexan a súa utilidade neste grao e conseguir reducir o alto número de suspensos.

Todas as outras suxestións e queixas do alumnado non tratadas individualmente neste informe son asumidas polos coordinadores para intentar realizalas e correxilas.

O coordinador pide que as queixas e suxestións plantexadas polo alumnado sexan transmitidas ao resto do profesorado con docencia nas distintas materias.

ANEXO I

ENQUISA DE PERCEPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DAS MATERIAS.

CURSO 2018-19. 1º CUADRIMESTRE.

Na táboa que segue a continuación podes valorar os seguintes apartados desta enquisa. A escala de valoración vai dende **0 (non procede)**, **1 (moi en desacordo)** ata **3 (moi de acordo)**.

Apartados da enquisa:



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas.
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación.
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que cres que esixe a materia (**1**: baixo, **2**: medio, **3**: alto).
10. Indica o número aproximado de horas semanais de **traballo persoal** necesarias para a superación da materia (**1**: < 3 horas semana; **2**: 3-6 horas semana; **3**: > 6 horas semana).



GRUPO:


	Matemáticas	Física	Química	Biología celular	Bioestadística e deseño experimental	
Pregunta 1						
Pregunta 2						
Pregunta 3						
Pregunta 4						
Pregunta 5						
Pregunta 6						
Pregunta 7						
Pregunta 8						
Pregunta 9						
Pregunta 10						

Observacións e suxestións por orde de prioridade:

ANEXO II







PRIMEIRO CURSO.

ENQUISA AO ALUMNADO.

O alumnado respondeu a “enquisa de percepción do desenvolvemento das materias” (Anexo I) o día 13 de maio de 2019. En total, o número de enquisas contestadas foi de 44. Os resultados desta enquisa móstranse ao final do presente informe (Anexo II).

REUNIÓN COA REPRESENTANTE DO ALUMNADO.

- Día: 10 de xuño de 2019.

- Asistentes: Manuel Noia Guldrís (coordinador de primeiro curso) e Alba Ortega García (representante do alumnado).

- Puntos da orde do día:

1.- Dúvidas, recomendacións, queixas e suxestións.

REUNIÓN COS COORDINADORES DAS MATERIAS.

- Día: 11 de xullo de 2019.

- Asistentes:

Marta Lores Aguín (Técnicas analíticas e instrumentais).

Enrique Roca Bordello (Fundamentos de procesos biolóxicos).

Jesús Ángel López Romalde (Microbioloxía I).

Ana María Ríos Rodríguez (Termodinámica e cinética química).

Javier Sampedro Jiménez (Coordinador do grao).

Manuel Noia Guldrís (Coordinador de primeiro e de Bioloxía do desenvolvemento e dos tecidos).

- Orde do día:

1.- Informe xeral sobre a percepción da docencia.

2.- Rolda aberta para coñecer a opinión do profesorado das distintas materias.

EN XERAL

Informan que este semestre moi ben, agás fundamentos de procesos biolóxicos.

Suxiren alternar as prácticas para que non cadren sempre o mesmo día/hora.

Piden que se lle dea un curso de uso de Excel, xa que non todos teñen coñecementos para poder usalo nas materias que o necesitan.

Volven comentar que hai que regular dalgunha maneira o uso dalgunha aula de informática fóra dos horarios de clase xa que teñen que usar un programa que está nos ordenadores da USC. Na ETSE (escola técnica superior de enxeñaría) poden usar a sala de

informática cando queiran, sempre está aberta e non teñen que pedir permiso. Suxiren sacar algún tipo de normativa para evitar calquera problema legal que poida haber se os houbera.

Tamén comentan que a enquisa que fai a USC (non a do centro) para valorar a actividade docente do profesorado non vale absolutamente para nada. Con esas preguntas non se pode valorar a docencia axeitadamente.

Transmitíronse ao Decanato estas suxestións do alumnado.

TÉCNICAS ANALÍTICAS E INSTRUMENTAIS

Informan que moi ben con esta materia. Só suxiren que haxa máis prácticas.

A coordinadora comenta que para o ano mellorarán a práctica 1 e considerarán a posibilidade de aumentar as prácticas en anos posteriores coa conseguinte modificación do PDA no seu momento.

BIOLOXÍA DO DESENVOLVEMENTO E DOS TECIDOS

Tamén indican que moi ben con esta materia.

Só que tería que haber algunha hora expositiva máis para bioloxía do desenvolvemento e que as preguntas do exame da parte de bioloxía do desenvolvemento os descolocou.

Tamén que houbo algunha clase onde había que copiar moito e non se podía atender tan ben á explicación.

O coordinador informa que para o ano haberá 1 hora máis expositiva para a parte de bioloxía do desenvolvemento e 1 hora máis de seminario. Tamén indica que se fará o necesario para que non haxa esas clases onde o alumnado se queixa porque ten moito que copiar e non dá atendido. Os comentarios sobre as preguntas do exame da parte de bioloxía do desenvolvemento foron transmitidos á profesora encargada de impartir dita parte.

FUNDAMENTOS DE PROCESOS BIOLÓXICOS

Comunican o seguinte:

- As clases expositivas son desorganizadas.

- Sendo unha materia fundamentalmente práctica fixéronse moi poucos exercicios na clase e doutros poucos deuse soamente a solución numérica. É moi difícil facer os exercicios a partir das explicacións teóricas.

- O profesor mandou facer un traballo para o que se necesitan coñecementos que non se deran aínda na clase. O día despois de que o primeiro grupo tivera que entregalo, mandou os requirimentos, sendo estes completamente excesivos. Todo isto na recta final do curso cando o alumnado non dispoñía de tempo.

- O profesor négase a responder preguntas que lle parecen triviais e ás veces responde con comentarios do tipo "a ver se vamos ter que volver á ESO" ou "hai que estudar máis".

- Boa parte do alumnado está desmotivado e necesita ir a unha academia para poder seguir as clases.

- O proceso de avaliación non está claro.

O coordinador indica que non lle parece procedente que os resultados das enquisas sexan públicos. Tamén informa que se debería cambiar dita enquisa: cambiar as preguntas que se fan e, sobre todo, poñer a escala de valoración de 1 a 5 porque o sistema actual dá moito peso ás opinións moi negativas dunha minoría.

En canto ás clases, informa que tivo problemas co ordenador/proxector nunha clase polo que tivo que facer un cambio na orde de dous temas. Tamén considera normal para a súa materia ter que tratar contidos que están en temas distintos.

Non é certo que non lle dera a solución de todos os exercicios, déullela de todos, aínda que soamente a solución final. Considera que o alumnado debe facer un maior esforzo para resolver os exercicios de forma autónoma e que teñen dificultades de comprensión lectora. Tampouco é certo que non explicara como facer o traballo, pero como os primeiros traballos entregados non estaban moi ben mandoulles outras instrucións máis detalladas e ampliou os prazos para a entrega. Considera que as horas de traballo que debe dedicar o alumnado á materia son as normais nun grao.

En canto ao sistema de avaliación, está claramente especificado como se avalía na guía docente.

Con respecto a que vaian a unha academia, informa que detectou que están manexando información inadecuada; indicando que se empregaran máis as titorías como reforzo sería moito mellor, pero só 10-11 alumnos/as foron a elas.

Apunta que os trata correctamente e que é accesible polo que poderían terlle preguntado todas as dúbidas que lles xurdiran. Levounos a ver os laboratorios da ETSE, a ver unha industria e fíxolle titorías de reforzo, polo que considera que trata de motivalos.

Comenta que é exixente, pero que cando cheguen ao mercado laboral agradeceranllo.

Acaba comentando que está satisfeito co seu traballo e contento cos resultados obtidos polo alumnado. Considera que as queixas proceden fundamentalmente dunha minoría.

MICROBIOLOXÍA I

Indican que ben, pero tamén comunican que as clases de microbioloxía non son proveitosas. O profesor colga as diapositivas na USC Virtual, polo que non hai que ir a clase.

Tamén informan que hai sobreesaturación de contidos polo que suxiren que o profesorado teña en consideración facer un parcial nos vindeiros anos.

En canto ao exame con preguntas de múltiple opción: ás veces non contestan, xa que restan os fallos, porque hai opcións que non saben se poden ser certas porque non aparecen nos apuntamentos ou non foron mencionadas nas clases.

O coordinador indica que o alumnado coméntalle que as diapositivas que colga na USC Virtual teñen pouca letra, algo bastante contraditorio co comentado polo alumnado ao coordinador de curso. Tamén informa que en principio non se planea a realización dun parcial. En canto ás preguntas multiopción do exame indica que as preguntas fanse en relación aos contidos explicados.

TERMODINÁMICA E CINÉTICA QUÍMICA

Informan que tamén moi ben nesta materia. Suxiren que haxa máis seminarios.

A coordinadora comenta que lle parece lóxico que suxiran que haxa máis seminarios porque lles resultan moi útiles e proveitosos.

Na rolda aberta coincídese en que, en xeral, o alumnado esfórzase e é traballador, pero que lle costa interpretar e pensar. Opínase que están máis afeitos a memorizar que a razoar e que bastantes deles necesitan axuda para adaptarse á forma de traballar no grao polo que se poden sentir frustrados.

Tamén se falou do posible abandono do grao, estimando que entre 5-10 alumnos/as deixaran o grao (hai alumnado que comentou a varios dos presentes que se ían presentar de novo ás probas de acceso á universidade).

ANEXO I

ENQUISA DE PERCEPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DAS MATERIAS.

CURSO 2018-19. 1º CUADRIMESTRE.

Na táboa que segue a continuación podes valorar os seguintes apartados desta enquisa. A escala de valoración vai dende **0 (non procede)**, **1 (moi en desacordo)** ata **3 (moi de acordo)**.

Apartados da enquisa:

- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas.
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación.
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que cres que esixe a materia (**1**: baixo, **2**: medio, **3**: alto).
10. Indica o número aproximado de horas semanais de **traballo persoal** necesarias para a superación da materia (**1**: < 3 horas semana; **2**: 3-6 horas semana; **3**: > 6 horas semana).

GRUPO:

	Matemáticas	Física	Química	Biología celular	Bioestadística e deseño experimental	
Pregunta 1						
Pregunta 2						
Pregunta 3						
Pregunta 4						
Pregunta 5						
Pregunta 6						
Pregunta 7						
Pregunta 8						
Pregunta 9						
Pregunta 10						

Observacións e suxestións por orde de prioridade:

ANEXO II

